

AXUDAS AO FOMENTO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMA I E II.

EXTRACTO da Orde do 30 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e a consolidación do emprego a través do Programa I para as pequenas empresas de nova creación (código de procedemento TR8071), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021.

Entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas neste programa as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación. b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente. c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas. d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotores non figure ningunha persoa xurídica. f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros. g) Que, como mínimo, o 50 % do seu capital social sexa de titularidade das persoas promotoras e que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

2. Poderán ser beneficiarias as persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Obxecto

A finalidade deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres, as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego, mediante os seguintes tipos de axuda: a) Subvención á xeración de emprego estable. b) Subvención para a formación. c) Subvención para o inicio da actividade. d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes de todos os tipos de axudas do programa regulado nesta orde será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia

Mais Información:

DOG 20 de xullo de 2021.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210720/AnuncioG0599-060721-0002_gl.pdf.

PROGRAMA II

EXTRACTO da Orde do 30 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e a consolidación do emprego a través do **Programa II de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (código de procedemento TR340E)**, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021.

Entidades beneficiarias

As empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, con domicilio social, fiscal e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT, sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

Obxecto

Impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a convocatoria do Programa de incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.
- c) Axuda para o inicio e a posta en marcha da actividade

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de todos os tipos de axudas do programa regulado nesta orde finalizará o 30 de setembro de 2021.

Mais información

DOG 20 de xullo 2021

www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210720/AnuncioG0599-060721-0003_gl.pdf.